

CONTROL TEMA 12 DE LINGUA GALEGA- 6º DE PRIMARIA

1. Escribe la palabra que se corresponde con cada definición.

- a. Vbo. Ver [unha cousa] sen apreciála moi ben.
- b. Subs. Mestura de varios ingredientes, entre eles leite, ovos e fariña, dos que resulta unha masa líquida que se verte na pedra ou na tixola e da que saen as filloas.
- c. Subs. Xoguete de madeira que ten aspas e se move coa velocidade do vento.
- d. Vbo. Guindar ou mover [un obxecto ou cousa] formando rolos ao caer.
- e. Subs. Manifestación excesiva de espanto, admiración ou algún outro sentimento.
- f. Subs. Anaco de tea que se pon no pescozo para suxeitar unha man ou un brazo cando hai unha fractura ou unha ferida neles.
- g. Subs. Filloa, sobremesa resultante da mestura de ovos, leite e fariña. Tamén pode empregarse sangue.
- h. Subs. Texto que xoga con frases curtas, que normalmente riman, e que posúe moitas repeticións.
- i. Subs. Momento do día que se corresponde a cando se pon o sol e as cousas se distinguen polas súas sombras.
- j. Adx. [Persoa ou cousa] que se move sen producir ruído.
- k. Adx. Que non está ocupada, que non conta con oficio ningún.

2. Analiza os seguintes tempos verbais

	COMICHES	SORRIRA	COMEDE	COCIÑEMOS	PINTASEN	ROMPIADES
PERSOA						
XÉNERO						
NÚMERO						
TEMPO VERBAL						
MODO						
VERBO						
CONJUGACIÓN						

3. Volve a escribir estas frases corrixindo os erros de construción das perífrases verbais. Algunhas poden non ter fallos.

a. Vai a chover

b. Teño que facerche un debuxo do teu fillo

c. Houbo ter moita calor cando acadou aquela temperatura

d. Puido comer de todo

e. Está para caer unha boa treboada

f. Hei ir ao supermercado

g. Estaban falando con teu irmá

h. Boteime andar coma se non houbo máis tempo para facer o percorrido completo da competición.

4. Completa coa definición que falta.

A é un tipo de obra de teatro na que se representan, dunha forma pouco seria ou cómica, as características das persoas, o seu carácter e os seus costumes. Posúe sempre un final feliz.

A é un tipo de obra dramática de carácter serio, na que interveñen personaxes importantes e na que o protagonista é levado polo seu destino cara a un final desgraciado.

O é un tipo de obra teatral que ten como característica a súa seriedade. A acción trágica vai acompañada de momentos do día a día das persoas, onde hai tamén momentos de lecer e divertidos. O drama posúe habitualmente un final negativo.

5. Preme nas palabras que formen parte do suxeito de cada oración:

- a. Pola mañá Martiño saíu da casa
- b. Algúns políticos non se comportaron ben
- c. No parque dos nenos alguén tirou lixo
- d. O incendio foi apagado polos bombeiros

6. Preme nas palabras que formen parte do predicado de cada oración

- a. Non cansaban de ver a televisión ela e o seu curmán
- b. Debuxar é o que mellor se me dá
- c. Os da librería da esquina venden cadernos baratos
- d. Xan comeu o último bocadillo de tortilla

7. Preme nas palabras que teñan a función de complemento directo en cada oración.

- a. Aquel verán mercoulle un ordenador novo
- b. Na televisión, á hora da sesta, botaban documentais de animalíños
- c. Saltou un semáforo a toda velocidade
- d. Sara comeunas ás agachadas

8. Preme nas palabras que teñan a función de complemento indirecto en cada oración. Pode haber máis de un. No recadros que sobran, escribe x minúscula

- a. O monstro mordeulle unha man á protagonista
- b. A caída da bolsa prexudicou moito aos inversores
- c. Pegáronlle lume a unha fraga
- d. O Celta de Vigo marcoulle seis goles ao Real Madrid

9. Preme nas palabras que teñan a función de complemento circunstancias en cada oración. Pode haber varios. De habelos di de que tipo son.

- a. Gardou os papeis na carteira
- b. Pola mañá fun mirar as galiñas
- c. Foron ao cine onte
- d. O ladrón foi detido pola policía
- e. Cando amence eles soben ao prado

**10. Coloca cada palabra coa súa definición: Coloquialismos
Neoloxísmos Vulgarismos Arcaísmos Eufemismos**

- a. Son palabras ou frases que nalgún momento da historia se empregaron, por exemplo, na época medieval. Exemplo: *outo, *maor, *estoria.
- b. Son palabras que se empregan nunha lingua pero só se admiten nun contexto oral, xa que na norma a forma fixada é outra. Exemplo: *verdá, *arradio, *polmonía.
- c. Son palabras novas que antes non existían xa que non existía tampouco a cousa á que denominan. Exemplo: sms, tablet.
- d. Son palabras ou frases que pertencen á lingua habitual e que debemos evitar en contextos de carácter máis formal. Exemplo: guai, latar.
- e. Son palabras ou frases que tratan de evitar certas palabras que resultan de mal gusto, malsoantes ou desafortunadas. Exemplo: danos colaterais por vítimas de guerra, pasar a mellor vida por morrer.